Unha ducia de actuacións para os públicos máis diversos, coa palabra como motivo vertebrador, desenvolveranse en Verín, entre xoves día 31 de xullo e o domingo día 3 de agosto, na 3ª edición do Festival Internacional da Palabra. A actuación da compañía barcelonesa Teatre Arca e un concerto-homenaxe ao músico popular Manuel Rodríguez "Manoliño" destacan nunha programación que se clausurará a última hora do domingo día 3 co recital-presentación do libro *A vida nova de Madame Bovary* do autor verinense Xosé Carlos Caneiro. Xéneros tan diversos como o cabaré, o teatro de fantoches ou as artes plásticas intégranse nun programa que protagonizan creadores e intérpretes galegos, portugueses e de Castela-León; aínda que participen artistas dunha ducia de países. Cinco actos de narrativa oral nos que intervirán media ducia de contadores de Brasil, Portugal, Zamora e Galicia, catro presentacións de libros en lingua galega, portuguesa e española, e a actuación dun recitador ambulante de poemas son os actos nos que a palabra é protagonista dentro da súa vertente máis tradicional ou literaria. Un cabaré ambulante, cunha banda de jazz e sete actores en escena, servirá como contrapunto a este maratón que converterá a Verín durante catro días en centro das relacións en directo das producións culturais en lingua castelá, portuguesa e galega.

O Festival Internacional da Palabra está organizado polo Concello de Verín e conta coa colaboración, no ámbito institucional, do Instituto Camoes de Portugal, a Deputación Provincial de Ourense, a Cámara Municipal de Chaves e o Concello de Fene. BioCoop, o Consello Regulador da D.O. Monterrei, a Pastelería Primavera e diversos negocios de hostalería son algunhas das empresas da comarca que apoian este festival, que ten un orzamento global arredor dos 10.000 euros.

O festival día a día

 31 de xullo, xoves:

- **Humor e palabra** (exposición de fondos do Museo do Humor [Fene-A Coruña]). Clausura: 21 de agosto. Horarios de visita, das 10 ás 22 horas, de martes a sábados; das 13 ás 22 horas, domingos e luns.

- Ás 12 horas, **Os beijos da agua doce e outros contos** na Casa da Cultura de Verín (acto para nenos e nenas de 3 a 7 anos). Narradores/as: Cristina Aleixo Castanheira (Brasil), Rui de Sousa (Chaves) e Aurora Prieto Tarrío.

- Ás 20.15 horas, na Casa da Cultura de Verín, **presentación do *Libro–Guía de Monterrei*** de **Xerardo Dasairas Valsa.**

 1 de agosto, venres:

- Ás 12 horas, **Contos para rir e pensar** na Casa da Cultura de Verín (acto para nenos e nenas de 8 a 12 anos). Narradores/as: Vítor Melo (Chaves) e Raquel Queizás.

- **Historias frescas para tardes quentes** (19 horas, Centro de Servizos Sociais de Verín; 17 horas, Rectoral de Pazos; 21 horas, Casa do Pobo de Tamaguelos), con Helena Faria (Coimbra), José Luis Gutierrez "Guti" (Aliste-Zamora) e Raquel Queizás.

- Ás 20.15 horas, na Biblioteca Pública Municipal de Verín, **presentación do libro *Atlas histórico da Galiza***
.
Artur Alonso Novelhe
(presentador),
José Manuel G. Ribeira e José Manuel Barbosa
(autores),e Heitor Rodal (editor).

- Na praza García Barbón de Verín, **La Biblioteca Mágica** de **Teatre Arca** (Barcelona), ás 23 horas.

 2 de agosto, sábado:

- Ás 19 horas, na praza García Barbón, **A Casa do Poeta**.

- Na Casa da Cultura de Verín, representación da obra de teatro infantil **O Tio Misérias**, por **Fantoches Baj**
(Lisboa), ás 20 horas

- Ás 20 horas, arruada por Verín de L Bombo (Miranda do Douro-Portugal), Trío La Guadaña (Puebla de Sanabria-Zamora) e Cuarteto Verín.

- Na praza García Barbón de Verín, **concerto-homenaxe a Manuel Rodríguez "Manoliño"**, coa actuación de L Bombo (Miranda do Douro-Portugal), Trío La Guadaña (Puebla de Sanabria-Zamora), Cuarteto Verín, Rubén Vázquez Delgado (gaita irlandesa), Xan Aparicio (gaita en do) e Manuel Rodríguez "Manoliño" trío. Ás 23 horas.

3 de agosto, domingo:

- Ás 20 horas, polas rúas de Verín, **O Cabaré Ambulante** da **Compañía Teatral Femme Fatale** (A Coruña).

- Na Casa da Cultura de Verín, **recital-presentación do libro *A vida nova de Madame Bovary***, con **Xosé Carlos Caneiro** (autor) e **José Manuel Salgado Rodríguez**
(guitarrista). Ás 23 horas.